

Mobilidade de terminais TICPESC “MOVTIC”

Presentación.

A aplicación MOVTIC é unha ferramenta de acceso á administración electrónica que a Consellería do Mar pon ao servizo do sector pesqueiro e dos cultivos mariños. Empregando esta aplicación pódese xestionar:

- **Documento de alternancia de artes:** para declarar a arte despachada polo buque para o exercicio da actividade pesqueira.
- **Declaración de zona de trabalho para titulares de permisos de marisqueo a pe con embarcación auxiliar:** para declarar a zona de trabalho na que vai traballar o titular.
- **Documento de movemento de mexilla procedente de bancos naturais:** para xestionar a actividade de recolección de mexilla e a súa inmersión na batea.

Para quén?

Actualmente as funcionalidades disponíveis no sistema aplican aos seguintes tipos de usuarios sectoriais. Por una banda aos armadores de embarcacións pesqueiras rexistradas no Rexistro de Buques de Galicia. Por outra aos titulares de permisos de marisqueo a pe con embarcación auxiliar. Ademais, aqueles usuarios concesionarios de viveiros flotantes habilitados para a extracción de mexilla tamén teñen na aplicación funcionalidades disponibles. Ao logo dos próximos meses ampliarase o uso a novos tipos de usuarios sectoriais.

Como acceder á aplicación MOVTIC?

A aplicación está dispoñible a través de Internet e nas distintas tendas de aplicacións. En particular pódese acceder á aplicación a través das seguintes canles:

- Desde un navegador web a través da URL <https://www.pescadegalicia.gal/movticsectorialweb>.
- Desde un dispositivo Android instalando a aplicación MOVTIC desde a *Play Store*.
- Desde un dispositivo iOS instalando a aplicación Poxa MOVTIC desde a *App Store*.

Que datos preciso para acceder á aplicación?


O usuario comprador únicamente precisa indicar as súas credenciais de acceso á aplicación. O sistema de rexistro de credencias é **Chave365**.



Que é Chave 365 e como podo conseguir as miñas credenciais?

Chave 365 é un sistema de identificación dos cidadáns que permite a realización de trámites coa Xunta de Galicia a través de Sede electrónica e que ademais se usa para o control de acceso á aplicación MOVTIC.

No caso de non dispor de credenciais de Chave 365, o cidadán ten que darse de alta por unha das seguintes vías:



- De xeito electrónico a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante o procedemento de alta en Chave365. Neste caso a alta é inmediata. Para solicitala necesitase ter instalado no navegador un certificado electrónico válido para ese mesmo NIF, ou ben o DNI electrónico.
- De xeito presencial, dirixíndose a calquera dos órganos ou unidades administrativas da Xunta de Galicia que realicen as funcións de rexistro de usuarios Chave365 (por exemplo Oficinas Agrarias Comarcais). Debe acudir persoalmente e acreditar a súa identidade mostrando o DNI o TIE. Os cidadáns comunitarios que non teñan a tarxeta de residencia presentarán o Certificado de rexistro de cidadáns da Unión e o seu pasaporte.

Para máis información sobre Chave365 e as súas funcionalidades e características acceda a Web: <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>


Que funcionalidades están dispoñibles na aplicación?

Actualmente na aplicación pódense realizar xestións sobre os seguintes documentos telemáticos. Compre indicar que cada usuario, en función da súa actividade dos medios de producción asociados, ten un conxunto de opcións particularizado.

- Documento de alternancia de artes.
- Declaración de zona de traballo para mariscadores a pe con embarcación auxiliar.
- Documento de movemento de mexilla procedente de bancos naturais.

Para cada un destes documentos o usuario pode realizar as seguintes accións:

- Expedición dun novo documento.
- Consulta dun documento.
- Anulación de documento, sempre que se cumpran as condicións necesarias.
- Registro de entrada en destino (Unicamente para o documento de movemento de mexilla procedente de bancos naturais).



Adicionalmente, o sistema permite realizar consultas sobre as seguintes informacións de interese:

- Biblioteca de documentos, para acceder sen conexión aos documentos descargados.

Teléfono de soporte a usuarios 24 horas

Para outras cuestións:

Servizo de Análise e de Rexistros
(Consellería do Mar) sarex.mar@xunta.gal

986 447 232